

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura de 1 praza de pedagogo/a, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 694/2023, do 06 de xullo, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza vacante de pedagogo/a, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal, cuxo texto íntegro se cita deseguido:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE 1 PRAZA DE PEDAGOGO/A, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, AO ABEIRO DAS PREVISIÓNS LEGAIS PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL

Expedientes: 2022/E001/000020; 2022/E001/000033; 2023/G003/000360; 2023/G003/000575

Na sesión do 10.11.2022 da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene aprobáronse as bases xerais reguladoras dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Fene en desenvolvemento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de Medidas Urxentes de Redución da Temporalidade no Emprego Público.

Ademais, na sesión do 17.11.2022 da Xunta de Goberno Local, aprobáronse as quince bases específicas reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura de 24 prazas, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal. Entre estas incluíuse unha praza vacante de pedagogo/a.

Por Resolución da Alcaldía núm. 1529/2022 do 17.11.2022 aprobouse a convocatoria dos quince procesos. Tanto as referidas bases xerais como as bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura dunha praza de pedagogo/a, mediante persoal laboral fixo, ao abeiro das previsións legais para a estabilización do emprego temporal publicáronse integramente no BOP da Coruña núm. 222 do 23.11.2022.

Asemade, inseriuse un anuncio da convocatoria no DOG núm. 233 do 09.12.2022 e no BOE núm. 303 do 19.12.2022, supoñendo este último anuncio o inicio do prazo de presentación de instancias de participación en cada un dos quince procesos selectivos, que finalizou o día 09.01.2023, incluído.

Por Resolución da Alcaldía núm. 369/2023, do 13 de abril, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas e outorgouse un prazo de dez días hábiles para emendas. A dita resolución publicouse no BOP núm. 74 do 19.04.2023, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

Durante o dito prazo non se presentaron emendas, alegacións e/ou reclamacións.

Tendo en conta o anterior, o disposto nas bases xerais cuarta e oitava e en uso das atribucións da alcaldía polo art. 21.1.h) da LRBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas que se relaciona:

Persoas aspirantes admitidas:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	CELGA 4 ou equivalente
1.	GONZÁLEZ ARIAS, Pedro	***4830**	SI
2.	GONZÁLEZ MORENO, Soraya	***1150**	SI
3.	PAZ RODRÍGUEZ, María José	***3374**	SI
4.	RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Soraya	***0667**	SI

Persoas aspirantes excluídas: non constan.

SEGUNDO.- Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo referido aos/ás seguintes funcionarios/as de carreira, comunicándolles que o réxime de abstención e recusación é o previsto nos artigos 23 e 24 da LRXSP (Lei 40/2015):

PRESIDENTE/A

TITULAR: Lara Otero Díaz, técnica de administración xeral do Concello de Fene.

SUPLENTE: Marta Vázquez Garea, funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

VOGAIS

TITULAR: Juan Manuel Araujo Dopazo, arquitecto técnico do Concello de Fene.

SUPLENTE: Rebeca Vázquez Vázquez, funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

TITULAR: Eduardo Mera Rico, funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

SUPLENTE: Manuel Larrosa Rodríguez, funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

TITULAR: Pablo Portela Fernández, funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

SUPLENTE: Ana Ramos Ramos, funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

SECRETARIO/A

TITULAR: Estefanía Manteiga Lamas, funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

SUPLENTE: Rafael del Barrio Berbel, funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

TERCEIRO.- Convocar ao tribunal á súa sesión constitutiva o vindeiro día 19.07.2023 ás 10.30 horas, en sesión telemática, dando inicio ao proceso de selección.

CUARTO.- Publicar esta resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, con indicación de que fronte á mesma poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da publicación no BOP da Coruña.

QUINTO.- Dar traslado desta Resolución ao Departamento de Persoal e á Xunta de Persoal.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde, Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe."

Fene, asinado dixitalmente o 07.07.2023 polo alcalde, Juventino José Trigo Rey.

2023/5640